


GARCÍA ROMERO, Fernando (2022): *Lechuzas a Atenas. Pervivencia hoy del refranero griego antiguo*. Madrid – México – Buenos Aires - Santiago: Edaf. ISBN 978-84-414-4153-8, 217 páxinas¹.



Nun ano marcado pola publicación de libros tan interesantes como *La vida secreta de las palabras*, editado por Shayma Filali, Israel Villalba e Peru Amorrortu en *La esfera de los Libros*, ou *Palabras del Egeo*, do helenista Pedro Olalla, saíu tamén á luz no mes de marzo un libro de divulgación que recolle boa parte de anteriores traballos realizados polo profesor Fernando García Romero, catedrático de Filoloxía Grega na Universidad Complutense de Madrid, sobre refráns e expresións proverbiais do grego antigo.

Baixo o título de *Lechuzas a Atenas. Pervivencia hoy del refranero griego antiguo*, atoparemos páxinas de verdadeira erudición escritas cun estilo sumamente ameno e non exentas de humor e ironía, de forma que os coñecementos lingüísticos resultarán accesibles para un amplo espectro de posibles lectores interesados polo

tema. Neste senso, poderemos gozar cos aspectos máis anecdóticos da fraseoloxía, mais tamén se nos ofrecen, ao final do volume, ferramentas suficientes para profundizar no estudo das fontes (páxinas 181–211) e da bibliografía (215–217) que o autor empregou², resaltando aquí numerosos estudos que el mesmo foi publicando nestes últimos anos en revistas científicas de prestixio ou en monografías como *Proverbios griegos. Menandro: Sentencias* (1999)³ e *El deporte en los proverbios griegos antiguos* (2001)⁴.

Como o propio García Romero nos aclara nas primeiras páxinas de presentación (11–14), o feito de que en moitas das linguas europeas actuais sigamos utilizando refráns, sentenzas e locucións grecolatinas demostra que a nosa cultura occidental é unha unidade que bebe unha e outra vez de Grecia e Roma. Así, o propósito deste libro é guiarnos nunha apaixonante viaxe ao longo da historia seguindo a pista de multitude de expresións proverbiais que o autor vai agrupando en diferentes capítulos e dando numerosos exemplos da súa pervivencia en linguas que abranguen o castelán, o galego, o italiano, o grego moderno, o inglés, o francés ou o alemán, e facendo ás veces incluso referencia a linguas máis afastadas de nós.

No primeiro capítulo, “Las que hemos heredado” (17–53), recóllense expresións de antigos autores gregos que seguen vixentes hoxe, aínda que algunhas variasen un pouco de sentido, como *tener vista de lince* (que ten a súa orixe no nome propio de Linceo, un dos argonautas que acompaña a Xasón na súa expedición para facerse co vélaro de ouro) ou *poner el colofón* (que parte dun nome xeográfico). Páxina a páxina irásenos explicando detalladamente por

¹ Tradución ao galego de Vanesa Freire Armada.

² A Bibliografía aparece desagregada en *I. Ediciones del texto griego y comentarios: I. 1. Paremiógrafos, I. 2. Lexicógrafos, II. Traducciones e III. Otras recopilaciones y ensayos*.

³ García Romero, Fernando (1999): *Proverbios griegos. Menandro: Sentencias*. Editorial Gredos: Madrid

⁴ García Romero, Fernando (2001) : *El deporte en los proverbios griegos antiguos*. Weidman: Alemaña

qué chamamos a alguén sibarita, qué é a risa sardónica e por qué é vergoñoso, como opinaba o comediógrafo Menandro, *tropezar dúas veces coa mesma pedra*. Tamén o mundo animal inspirou gran cantidade de refráns, como o de que *una golondrina no hace primavera*, que Wolfgang Mieder rexistrou en nada menos que corenta e nove linguas europeas (entre elas o galego, *unha andoriña soa non fai verán*, e o grego moderno, *ένα χελιδόνη δεν φέρνει την άνοιξη*) ou *la perra que tiene prisa pare crías ciegas*, testificado en grego bizantino e en latín medieval pero tamén incluso na comedia de Aristófanes *La Paz* (421 a. C.). Tamén é loable o apartado que o autor dedica ás frases proverbiais que foi recompilando da lectura d' *El Quijote*, demostrando que Miguel de Cervantes transmitiu nas súas obras un legado cultural de valor incalculable, reflexo da sabedoría popular e desa tradición grecolatina que tanto lle debe a Ovidio, a Plutarco, a Hesíodo ou a Cicerón.

“Las equivalentes” (57–122) é o capítulo máis amplo e nel atoparemos como expresaban os gregos antigos algúns refráns e locucións castelás de hoxe: *lágrimas de cocodrilo* (*lágrimas de megarenses*), a *Dios rogando y con el mazo dando* (*aun contando con la ayuda de Atenea, mueve también la mano*), *ser más viejo que Matusalén* (*ser de los tiempos de Crono*), *mandar a freír espárragos* (*a los cuervos*), *aunque la mona se vista de seda mona se queda* (*una tuniquilla para una comadreja*) ou *raparse al cero* (*cortarse el pelo hasta el piojo*). Ademais de achegar moitas curiosidades que fan moi amena a súa lectura, os paralelismos entre o mundo clásico e o actual fan posible que desta sección extrañamos un material moi útil e atractivo para o ensino do grego e do latín nun nivel de iniciación ás linguas clásicas. Como exemplo, tan só apuntamos as expresións latinas que o autor recolle sobre o refrán castelán *de tal palo tal astilla* (*talis pater, talis filius, qualis hera talis est canis, qualis dominus talis est servus*) ou o caso de *ligna in silvam ferre* (“levar leña ó bosque”), expresión proverbial usada frecuentemente nas cartas de Cicerón como contraposición a *llevar una lechuza a Atenas*, citada por Luciano de Samósata no século II d. C., pero testificada xa en *Las aves* de Aristófanes (414 a. C.).

O capítulo terceiro, bastante máis breve (125–146), está dedicado a “Personajes proverbiales”, entre os que destacan os parvos, como Margites, o protagonista dun antigo poema épico, de ton cómico, atribuído tradicionalmente a Homero. Tampouco quedan atrás o Adonis do himno que compuxo no século V a. C Praxila de Sición ou Corebo, Melitides e Accó. Entre as estupideces máis chamativas testemúñanse *lavar a un etíope*, *cazar el viento con una red*, *disparar flechas al cielo*, *escribir en el agua* e *prestar un peine a un calvo*, porque —dinos o autor— «xa o advertía Simónides: tamén na antiga Grecia a estirpe dos necios era infinita⁵». Noutra sección atoparemos os feos e os guapos proverbiais: Corideo e Tersites fronte a Aquiles, Nireo e Hilas (e Helena entre as mulleres). Tamén se farán expresións moi populares *ser más listo que Ulises*, *ser más noble que Codro* (rei lendario de Atenas) ou *tener la mirada de Atreo*, pai de Agamenón e Menelao e prototipo de home malvado e cruel, así como *ser más rico que Midas*, *tener la rapidez de Crisón* (un famoso atleta vencedor na proba de carreira nos Xogos Olímpicos) ou *el arte de Glaucó*, locución que Platón pon en boca de Sócrates en dúas ocasións.

⁵ Cita traducida pola tradutora da recensión. A orixinal é como segue: «ya lo advertía Simónides: también en la antigua Grecia la estirpe de los necios era infinita».

No tocante á “Geografía proverbial griega” (149–169) recolle distintos refráns relacionados coas fobias e as filias que os cidadáns atenienses mostraban fronte ás cidades gregas veciñas e fronte ós estranxeiros, xa que os textos que nos dan máis información adoitan proceder da capital helénica. Deste modo, os atenienses adoitan verse a sí mesmos como xente de fiar e cumpridores da súa palabra (proverbial é a *fidelidade ática*), mentres que os romanos víanos de forma moi diferente, como demostra Virxilio na *Eneida* (*timeo Danaos et dona ferentes*). Tamén Atenas é paradigma de cultura e educación, aínda que os seus habitantes destacan pola excesiva afición ó diñeiro, pola hiperactividade e por certa inclinación á fachenda. Pola súa banda, os espartanos, descritos como antítese de aqueles polo historiador Tucídides na súa *Historia da Guerra do Peloponeso*, son extremadamente independentes, parcos en palabras, rudos no seu comportamento e austeros nos seus costumes. Pero os xonios, os gregos de Sicilia, do sur de Italia e de colonias como Marsella, no entanto, son afeccionados ó luxo e á boa vida, aínda así, a peor parte lévana os beocios pola súa estupidez, os arxivos por ladróns e os tesalios e os cretenses por trampulleiros, ós que se adoitan sumar outros dous pobos non gregos, os libios e os exipcios (*terribles son os exipcios en argallar maquinacións*, dicía un verso do poeta tráxico Esquilo).

O quinto e último capítulo, “Jugar y reír con las expresiones proverbiales” (173–178), auténtico colofón do presente volume, demostra que xa a literatura grega antiga proporciona abundantes exemplos de *desautomatización*, modificando de xeito intencionado expresións proverbiais para causar sorpresa no receptor da súa mensaxe, un recurso moi empregado polos autores da época helenística e que segue sendo actualmente usado polos humoristas para lograr a risa do seu público. A meirande parte dos exemplos achegados aquí nacen da lectura atenta da comedia ática do século V a. C. Moi ocorrente e de tremenda actualidade é a transformación de *debaixo de calquera pedra, un escorpión*, que Aristófanes, en *Tesmoforias*, converte en *debaixo de calquera pedra hai que mirar, non vaia ser que te pique...un político*. E o recurso ao elemento sexual para provocar comicidade queda patente na expresión *axuda de figueira* (no sentido dunha axuda estéril ou inútil), que o mesmo comediógrafo, en *Lisístrata*, cambia pola de *axuda de coiro*, facendo alusión ao frecuente uso de consoladores entre as desesperadas mulleres atenienses. Mais estas distorsións humorísticas non aparecen só en textos cómicos, como cabería esperar, senón que tamén son moi frecuentes nos diálogos de Platón, como demostra Fernando García Romero cun último exemplo extraído do inicio do *Banquete* no que Sócrates fai un enxeñoso xogo de palabras entre o nome propio do poeta Agatón e o refrán *Sen necesidade de que os conviden os bos van ás festas dos bos* (*agathôn*).

Con humor socrático pecha o autor este precioso libro de divulgación e, seguindo a metáfora que el mesmo emprega, só nos resta felicita-lo cociñeiro e os anfitrións deste espléndido banquete.

Alejandro Valverde García

UNED Jaén / Instituto *Santísima Trinidad*, Baeza

<https://orcid.org/0000-0001-7357-2008>

allervalgar@hotmail.com

